



CONDICIÓN S QUE SE DEBEN CUMPRIR PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVIZOS - PARA A XESTIÓN DO BAR DO PAZO DE MOS

1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato é a prestación do servizo de bar no Pazo de Mos, con dereito á utilización das instalacións referenciadas neste documento.

2. CONDICIÓN S DA CESIÓN DO BAR

Para o cumprimento e execución do servizo, a Fundación Pazo de Mos cede a zona destinada a bar da cal é propietaria. O deterioro ou rotura de calquera dos aparatos instalados no bar suporá o reintegro á Fundación Pazo de Mos do seu importe actualizado.

Son de conta do adxudicatario as posibles reparacións que se produzan e os gastos que orixinen a adquisición dos produtos e bens funxibles necesarios para o desenvolvemento da actividade.

Os precios a rexir no bar son os que constan na proposta presentada polo adxudicatario e que deben ser aprobados polo Padroado da Fundación Pazo de Mos, non autorizándose ningún aumento senón por causa xustificada e previa aprobación por parte do Padroado.

A listaxe de prezos dos produtos, visada pola Fundación, estará exposta de forma permanente no bar, non podéndose realizar, en ningún caso, publicidade exterior de éstos.

O adxudicatario, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación de adxudicación, obrígase a:

- No prazo de 15 días a constituir diante da Fundación Pazo de Mos un aval bancario por importe de 1.000€ (isto significa conseguir dun banco un aval por esa cantidade).
- No prazo de 10 días, a formalizar o contrato en documento privado. Si o adxudicatario desexara elevar a público o citado documento, serán pola súa conta os gastos que disto se deriven.
- A iniciar a prestación do servizo adxudicado a partires do día seguinte en que así se lle comunique.
- A manter en bo estado e recollidas as instalacións, así como a súa **seguridade**.
- A realizar a limpeza diaria das instalacións: bar coa sala e os baños. Será por conta do adxudicatario a limpeza e desinfección diaria dos locais, tanto na parte destinada ao público como a limpeza diaria da sala, baños, instalacións anexas e utensilios utilizados polo adxudicatario na prestación do servizo.
- Co fin de evitar calquera tipo de deterioro ou contaminación dos alimentos, o adxudicatario deberá limpar todo o material, maquinaria e utensilios tantas veces como sexa necesario, e desinfectaralos sempre que as circunstancias así o esixan.



Fundación Pazo de Mos

A Rúa, 1. CP 36415 – Mos

fundación@pazodemos.org

G-36417251

- As funcións de lavado e limpeza por conta do adxudicatario abrangerán, entre outros, os seguintes apartados:
 - o Limpeza completa de locais destinados ao público, incluídos os aseos.
 - o Limpeza dos equipos, aparatos e utensilios de cociña instalados na cafetería, cociña e resto das instalacións.
 - o Lavado completo de vaixelas, bandexas, cuberterías, etc.
 - o Limpeza das instalacións de cociña, interior da barra da cafetería, etc.
- A cumprir todas as obrigas laborais, sanitarias, da Seguridade Social e tributarias.
- A non realizar actividades diferentes ás incluídas no presente documento salvo autorización expresa do Padroado da Fundación
- O personal que interveña na elaboración de comidas ou na manipulación de alimentos encontrarase en posesión do carné de manipulación en vigor e de calquera outra cualificación legalmente esixida.
- De conformidade co disposto no art.7 da lei 28/2005 de 26 de decembro, de “Medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco” está prohibido fumar na cafetería, tendo en conta que se trata dunha cafetería situada nun local cultural e social.

No caso de non prestar o servizo obxecto do contrato ou de prestalo en condicións deficientes e insatisfactorias para a Fundación Pazo de Mos, ésta poderá optar pola resolución do contrato, con **perdida da fianza**.

Servizos que se deben prestar obrigatoriamente e con carácter de mínimos no Bar do Pazo de Mos:

- Servicio de cafetería e bebidas frías e quentes.
- Servicio de bocadillos (fríos ou quentes) e outras comidas frías ou quentes.
- Servicio de apoio a **actos sociais e culturais** organizados pola Fundación. En consecuencia, o adxudicatario queda **obrigado** á realización de servizos especiais con motivo de reunións, conferencias, seminarios organizados ou apoiados pola Fundación, etc. Esta esixencia débese cumprir sempre que a Fundación informe, salvo causa maior, cunha semana de antelación.
- Mantemento da decoración en xeral e das exposicións segundo as instrucións da Fundación.
- O bar dispón dun pequeno almacén na sala musealizada “A Capela”. O adxudicatario deixará libre o resto da Capela, como tal museo, salvo en ocasións excepcionais sempre previa autorización por parte da Fundación.

A maiores dos servizos indicados, o adxudicatario poderá dar comidas/ceas no bar, sempre e cando deixe libre unha zona ampla para a cafetería, separando con biombo ou medios de separación similares, o espazo da cafetería do espazo dedicado á comida/cea. O espazo dedicado á cafetería será sempre o máis próximo á barra, será superior en superficie ao dedicado á comida e permitirá entrar e saír do mesmo sen pasar polo medio de dito comedor.



A Fundación Pazo de Mos prevé a posibilidade de alugar, a Sala de Exposicións, situada na planta baixa do pazo, a empresas dedicadas a cátering. O adxudicatario do bar poderá tamén solicitar o aluguer de dita sala para celebrar unha comida/cea, tendo neste caso prioridade sobre calquera outra empresa que non teña reserva confirmada.

3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación do presente contrato menor realizarase con máximo respecto aos principios de liberdade de concurrencia e publicidade, podendo adxudicarse o contrato ao licitador que presente a oferta máis ventaxosa. O Padroado da Fundación Pazo de Mos poderá declarar deserta a licitación se considera inadecuadas as ofertas presentadas.

A valoración da mellor oferta farase en base á proposta económica presentada, ao proxecto presentado e á experiencia no servizo de hostelería do candidato/a

4. CAPACIDADE DOS LICITADORES

Poderá contrarar coa Fundación Pazo de Mos a persoa natural ou xurídica que teña plena capacidade de obrar e na que non concurran algunha das circunstancias seguintes:

- Ter sido condeados mediante sentenza firme por delitos de falsidade, contra o patrimonio, cohecho, malversación, tráfico de influencias, delitos contra a Facenda Pública e a Seguridade Social, delitos contra os dereitos dos traballadores ou por delitos relativos ao mercado e aos consumidores. A prohibición de contratar acada ás persoas xurídicas os representantes das cais se atopen na situación mencionada por actuacións realizadas en nome ou a beneficio de ditas persoas xurídicas ou nas que concorran as condicións, cualidades ou relacións que requira a correspondente figura de delito para ser suxeito activo do mesmo.
- Ter solicitado a declaración de concurso, ter sido declaradas insolventes en calquera procedemento, estar suxeitas a intervención xudicial ou ter sido inhabilitadas conforme é Lei Concursal sen que concluíra o periodo de inhabilitación fixado na sentenza de calificación do concurso.
- Ter sido sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de disciplina do mercado en materia profesional ou en materia de integración laboral de minusválidos ou moi grave en materia social, de acordo co disposto na Lei 8/1988, de 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social ou en materia de seguridade e saúde no traballo, de conformidade co disposto na Lei 31/1995, de 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais.
- Non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou de Seguridade Social impostas polas disposicións en vigor nos termos que reglamentariamente se determine
- Se se trata de empresarios non españois membros da CE, non atoparse inscritos, no seu caso, nun rexistro profesional ou comercial nas condicións previstas pola lexislación do estado onde están establecidos.



5. PROPOSICIÓN DO INTERESADO

A proposición ou oferta a presentar, que será secreta, constará dun sobre pechado, no cal figurará o nome do propoñente, teléfono o e-mail para notificacións, e a inscrición “Xestión do Bar do Pazo de Mos convocado pola Fundación Pazo de Mos”.

A súa presentación **presume da aceptación incondicionada** da totalidade das cláusulas deste documento.

Non poderá efectuarse máis dunha proposición por licitador.

O prazo de presentación de propostas será ata as 21h00 do día venres 23 de novembro de 2.018. As propostas presentaranse no Pazo de Mos en horario de 17h a 21h, de luns a sábado excepto festivos, incluído o mesmo venres día 23 de novembro.

6. DURACIÓN DO CONTRATO

Establécese un período de duración do contrato de dous anos, a contar dende a data de firma do mesmo, con posibilidade de prórroga de común acordo por ambas partes.

7. SEGURO DE RESPONSABILIDADE

O licitador que sexa proposto para a adxudicación deberá formalizar seguro de responsabilidade civil pola actividade a desempeñar no prazo que se lle conceda, non procedéndose á adxudicación do contrato en caso de incumprimento desta condición. O importe dos danos asegurados pola prestación da actividade será de 60.000 € como mínimo, valorándose como mellora na oferta un importe maior. A devandita póliza deberá estar actualizada durante todo o período de vixencia do contrato e as súas prórrogas, se as houbera.

Os danos derivados de incendio ou roubo, causados tanto en mercadorías coma en mobiliario e instalacións, serán cubertos polo adxudicatario mediante a devandita póliza de seguros.

8. IMPOSTOS E GASTOS

Serán pola conta do adxudicatario todos os impostos, taxas e gastos de toda índole referentes ao contrato, incluído o imposto polo valor engadido (IVE). En particular, a enerxía eléctrica se pagará según o consumo da cafetería, para isto existe un contador específico. Tamén colaborará no gasto da calefacción, pagando un 20% do consumo de combustible, salvo que consigamos medir o consumo específico da cafetería, pagando neste caso ese consumo. O único gasto que será por conta da Fundación Pazo de Mos será a auga.

O adxudicatario comprométese a estar ao corrente no pagamento de todas as cargas laborais, sociais e fiscais derivadas da súa condición de empresario.



9. DAS OBRAS

As obras que se realicen nas instalacións serán propiedade da Fundación Pazo de Mos, sin que por elas deba abonarse indemnización nin cantidade algunha ao adxudicatario. Só poderán ser levadas polo concesionario aquelas instalacións por él construídas ou maquinaria por él instalada que poidan ser extraídas sen dano nen menoscabo para os inmobles.

Todo tipo de construción, instalación ou obra deberá dispoñer da correspondente **autorización por escrito** da Fundación Pazo de Mos en canto propietaria do edificio, ademáis dos permisos municipais requeridos pola lei: apertura, licencias urbanísticas, etc.

O adxudicatario será responsable do deterioro do mobiliario, material e instalacións ocasionados pola súa culpa ou neglixencia ou pola do personal ao seu servizo, reparándoo ao seu cargo, e deberá indemnizar os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que realice en execución do contrato.

10. PRESTACIÓN DO SERVIZO DE BAR

O concesionario obrígase á prestación do servizo de bar coas seguintes condicións:

A cafetería do Pazo de Mos estará aberta todo o ano, cun **horario mínimo** que se fixa a continuación:

- Días laborábeis: de **12:00h. a 23:00h.**
- Os días festivos, sábados e domingos: de **11:00h a 00:00h.**
- Se acepta un día de descanso semanal a negociar, nin fin de semana nin venres.
- **Esíxese o servizo de apoio nas asembleas de domingos.**

Igualmente é obriga do concesionario, ademáis do cumprimento do obxecto do contrato:

- Colaborar coa Asociación de Veciños na xestión do Albergue de peregrinos: venda de bonos.
- Estar dado de alta no imposto de actividades económicas (IAE)
- Cotizar na Seguridade Social no réxime de autónomos
- Estar dado de alta na Axencia de Turismo.
- Ter coñecemento das instrucións xerais de uso das instalacións.
- Ao remate do contrato deixar todos os materiais censados no inventario nas mesmas condicións nas que estaban ao inicio do mesmo

11. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Son causas de resolución do contrato as xerais da Lei e o incumprimento de calquera das obrigas fixadas neste documento.